



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación modificación listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, de 11 prazas de subalerno/a (agrupacións profesionais)

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 21 de maio de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar a Resolución do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, do 27/04/2026 (BOP núm. 82, do 05/05/2026), pola que se aprobou a listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, de 11 prazas de subalerno/a (agrupacións profesionais), da escala de Administración Xeral, no seguinte senso:

- Admitir na lista definitiva do proceso selectivo indicado, na quenda ordinaria, ás aspirantes Noelia Santana Gómez (**9901**) e María de los Ángeles Rivera García (**8959**).
- Rectificar o erro material detectado na lista definitiva deste proceso, onde di que Ángel Castreje Louro (**0217**) está admitido “na quenda ordinaria”, debe decir: “na quenda de discapacidade”.

Segundo.- Publicar esta corrección no BOP.

Terceiro.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 22 de maio de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/3384